



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN  
DATA 6 DE NOVEMBRO DE 2014.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDESA-PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García.

**CONCELLEIROS:**

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D<sup>a</sup>. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

**AUSENCIAS:**

**INTERVENTORA**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de novembro de dous mil catorce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE DATAS 02/10/2014 E 09/10/2014 E 17/10/2014.**

Non existindo observación algunha por unanimidade apróbanse as actas das sesións celebradas polo Pleno da Corporación en data 02/10/2014, 09/10/2014 e 17/10/2014.

**2.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

### **3.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DO CAMIÑO “MINAS DA REGA”.**

Visto o expediente de investigación do camiño “Minas da Rega”.

Resultando que dito expediente se tramitou segundo o previsto no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBCL) e na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Resultando que consta no expediente informe de valoración das probas e informe da Secretaria Municipal previo á resolución do expediente, tal e como establecen os artigos 52 e 53 do RBCL.

Vista a proposta de Alcaldía de resolución do expediente de investigación do camiño “Minas da Rega”, que literalmente di:

*“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,*

*Resultando que neste Concello se está a tramitar expediente de investigación do camiño “Minas da Rega”.*

*Resultando que durante o oportuno período de proba se practicaron as probas pertinentes.*

*Tendo en conta o informe de valoración das probas e informe previo á resolución do expediente, respectivamente.*

*Tendo en conta que en data 25 de outubro de 2013 na sesión celebrada polo Pleno da Corporación se acordou reiniciar o expediente de investigación do denominado “Camiño Minas da Rega” e que a tramitación do referido expediente se levou a cabo según o preceptuado no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*Resultando que no informe de valoración das probas se recollen as seguintes observacións:*

*“(…)*

*Terceiro.- Durante o período de proba presentouse documentación por parte dos colindantes do “Camiño Minas da Rega”, tomando tamén en consideración as alegacións presentadas no seu momento e acta de comparecencia de veciños, así como a documentación referente a escrituras de fincas colindantes co camiño, que obraban no expediente dende o seu inicio.*

*Cuarto.- Da documentación recopilada durante a tramitación do expediente resultan as seguintes conclusións:*

- As escrituras de titularidade correspondentes ás fincas colindantes ó camiño “Minas da Rega” no tramo que discorre dende a colindancia coas parcelas de referencia catastral 1569401PJ1316N0002WA e 1569419PJ1316N0002XA ata as fincas propiedade de D. Elaudino*



*López Pena, constatan a existencia do referido camiño nese tramo. Esta conclusión tamén ven corroborada polas actas de comparecencia de veciños do lugar.*

- *Respecto á existencia do camiño entre as parcelas 11 e 12 propiedade de D. Elaudino López Pena, da documentación presentada polo mesmo despréndese o seguinte:*

*A escritura de propiedade, que data do ano 1903, aportada nun primeiro momento por D. Elaudino( en data 22/01/2010, N° de rexistro 401) en aras á acreditación da non existencia do camiño non parece corresponderse coas parcelas titularidade do mesmo, senón que se corresponde, e así foi acreditado, coa parcela de referencia catastral 1569422PJ1316N0002XA, pertencente a outro titular, e que serviu de base para comprobar que fronte á mesma sí discorre o mencionado camiño.*

*D. Elaudino presenta como documentos acreditativos da titularidade das fincas 11 e 12 (referencias catastrais 1569411PJ1316N0002LA e 1569412PJ1316N0002TA), documento particional de herencia e escritura de permuta que dan lugar á escritura de compravenda outorgada en 1999 ante o notario D. Luis Muíño Fidalgo e inscrita no Rexistro da Propiedade.*

*En dito documento consta a titularidade de dúas fincas nas que non figura o camiño “Minas da Rega” entre ambas, tal e como alega o seu titular, sinalando que dito documento se corresponde coa titularidade das fincas 11 e 12. Así se pon de manifesto nos escritos presentados en data 22 de xaneiro de 2010 e 7 de marzo de 2013. En todo momento por parte de D. Elaudino se fai referencia a que a escritura de 1999 constitúe o seu título de propiedade sobre as parcelas 11 e 12 (referencias catastrais 1569411PJ1316N0002LA e 1569412PJ1316N0002TA) e acredita a non existencia de camiño algún entre ditas fincas. No escrito de 2010 obsérvase sen embargo que nas alegacións, concretamente na terceira, se indica que “...aunque a efectos puramente dialécticos se aceptase que el Camino das Minas da Rega, actualmente existe y es de dominio público, éste no se encuentra de modo alguno delimitado en el terreno en ninguno de sus tramos por lo que su trazado, de existir el camino, bien podría discurrir por la cabecera de la finca y no por su mitad...”. Denótase que a referencia ás fincas “Pumar del Oeste” e “Pumar del Este” na escritura notarial de 1999, de referirse ás parcelas 11 e 12 carecería de lóxica algunha que D. Elaudino manifestase que o camiño non podía discorrer pola súa metade, posto que o trazado do camiño a investigar non discorría polo medio de finca algunha, senón entre as fincas 11 e 12, tal e como él mesmo discutía non ser certo nos seus escritos, o que se contradí con este apuntamento na alegación terceira.*

*Por outra banda, cabe destacar que dende os servizos técnicos e xurídicos, no momento do estudo da documentación de proba recollida no expediente, se observou unha considerable diferenza de cabida entre a superficie catastral das fincas 11 e 12 e a superficie das mesmas na escritura aportada (a superficie catastral das fincas 11 e 12 aproximábase á superficie en escritura dunha soa finca) o que en principio podería considerarse un simple erro de cabida. Ante esta dúbida, e tendo en conta que a superficie das dúas fincas que figuran na escritura se aproximaba á superficie total das fincas 11, 12 e 13, e que o titular da parcela 13 tamén é D. Elaudino López Pena, requeriúselle a aportación de documentación referente á titularidade de dita finca. Polo interesado aportouse en data 5 de setembro de 2014 a mesma escritura aportada no seu momento para acreditar a titularidade das fincas 11 e 12. Así mesmo, en todo momento se referenciou que as fincas 11 e 12 se corresponden coas fincas “Pumar del Oeste” e “Pumar del Este”.*

*De todos os datos que anteceden parece deducirse que a documentación aportada por D. Elaudino se corresponde coas parcelas 11, 12 e 13, e polo tanto que a denominada na escritura como “Pumar del Oeste”, comprendería as parcelas 11 e 12 e a denominada como “Pumar del Este” comprendería a parcela 13. Deste xeito pódese entender o porqué de non figurar o camiño nos lindes de ningunha das dúas, porque de existir atravesaría a finca “Pumar del Oeste”, xa que a mesma comprende as parcelas*



*11 e 12 entre as que discorría dito camiño (o que leva a entender a alegación terceira do primeiro escrito de D. Elaudino).*

*Constan no expediente actas de comparecencia de veciños do lugar nas que se manifesta a existencia do camiño “Minas da Rega”, e que o mesmo discorría entre as parcelas 11 e 12.*

*Consta no expediente gráfico elaborado polo responsable do inventario de bens do trazado e características do camiño.*

*Quinto.- Pode concluirse por tanto, da documentación presentada polos colindantes co camiño, da documentación presentada por D. Elaudino López Pena (que nos leva ás conclusións referidas nos puntos que anteceden), dos informes policiais con reportaxe fotográfica nos que se observa parte do trazado do camiño e das actas de comparecencia que obran no expediente, a existencia do camiño “Minas da Rega”, co trazado descrito no plano referido no punto anterior (que se adxunta ó presente informe).*

*(...)*

*Tendo en conta que no prazo de dez días de posta de manifesto do expediente se presentaron alegacións por parte de D. Elaudino López Pena.*

*Resultando que no informe emitido pola Secretaria Municipal ás alegacións presentadas se sinala o seguinte:*

*“(...)*

*Primeiro.- Respecto á primeira alegación do escrito referenciado, na que se sinala que de existir o camiño público denominado “Minas da Rega” éste non discorre pola súa propiedade do modo que figura trazado nos informes do expediente, conforme se acreditou coa documental acompañada, cabe recalcar que no informe de valoración das probas emitido por esta Secretaría en data 19 de setembro de 2014 quedaron recollidas as probas que levaron á conclusión do trazado do Camiño Minas da Rega entre as fincas 11 e 12 (referencias catastrais 1569411PJ1316N0002LA e 1569412PJ1316N0002TA), propiedade de D. Elaudino.*

*Segundo.- Respecto á segunda alegación na que se reincide na non existencia do camiño entre as fincas de D. Elaudino en base á documentación por éste aportada e á existencia de probas testificais que tamén negan que o trazado do mesmo discorra entre as fincas de D. Elaudino, reitérase que no informe de valoración, de data 19 de setembro, se recollían as conclusións ás que levaba a documentación aportada por D. Elaudino así como cal era o trazado do camiño referido según a proba practicada. No tocante a que obran no expediente comparecencias de veciños da zona que negan que o trazado do camiño discorra polas fincas de D. Elaudino, reseñar que dita documentación, salvo erro, non se ten constancia da súa existencia no expediente.*

*Terceiro.- Respecto á terceira alegación maniféstanse diversas afirmacións erróneas, que de seguido se indican:*

*Sinálase no escrito de D. Elaudino que existe un inventario de bens no que non figura inscrito dito camiño nin consta referencia algunha ó mesmo, cando existe no expediente documentación acreditativa da existencia do referido camiño no Inventario de Bens.*

*Indícase que no informe de valoración das probas se mencionaba “...obsérvase parte do trazado”, en base ó que indica que non figura con claridade a orixe e fin do camiño, cando dita referencia se realizaba únicamente respecto a que se observa parte do trazado do camiño na reportaxe fotográfica da policía local,*



*sen significar isto que o trazado do mesmo non resultase determinado con precisión, dende a denominada Pista da Pena ata a vía de Feve.*

*Sínálase que unha das probas testificais, a de D<sup>a</sup>. Remedios, tivo que ser requerida para aportar documentación respecto das contradicións nas que incorrera, o que non resulta certo, pois o requerimento simplemente derivou dunha manifestación testemuñal que a maiores de sinalar a existencia do camiño e do seu trazado, indicaba que o mesmo tiña un ramal que discorria entre as parcelas 2 e 4 e non entre as parcelas 4 e 5, como figuraba no inventario.*

*As referencias ó resto de obstáculos que considera impiden a conclusión do expediente de investigación coa consideración da existencia do camiño mencionado co trazado descrito (abono do IBI, licenza de valado de finca outorgada polo Concello, existencia de títulos de propiedade inscritos no Rexistro da Propiedade), debe sinalarse que os dous primeiros non constitúen proba algunha respecto á existencia ou non do camiño, xa que incluso no tocante á licenza de obras consta expediente de reposición de legalidade aberto, e polo que respecta á inscrición no Rexistro da Propiedade enténdese que non constitúe unha proba iuris et de iure que determine a non existencia do camiño referido.*

*Por outra banda tampouco cabe apreciar a manifestación realizada de considerar como proba parcial a practicada por persoal funcionario da Administración.*

*Cuarto.- No tocante á proposta de que non existe oficio algún ó catastro de rústica ós efectos de comprobar que en documentación antiga se poda apreciar o camiño considérase que sería un dato importante a ter en conta, polo que podería recabarse documentación e ortofotos antigas previa á resolución do expediente.*

*(...)"*

*Resultando que comprobada a existencia de dito camiño na ortofoto do voo americano de 1956, dispoñible na páxina web do Instituto de Estudos do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.*

*Esta Alcaldía ten a ben elevar ó Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA*

*Primeiro.- Declarar a existencia do camiño "Minas da Rega", como camiño de titularidade municipal, co trazado descrito no plano adxunto.*

*Segundo.- Acordar a taxación do ben, e a súa inclusión no Inventario de Bens Municipais segundo o resultado do expediente de investigación, co trazado e características recollidos no plano adxunto, e á súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*

*Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados no expediente.*

*Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo ós efectos da resolución do expediente de reposición de legalidade RLU 2010/1."*

*Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.*

*Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:*

*Primeiro.- Declarar a existencia do camiño "Minas da Rega", como camiño de titularidade municipal, co trazado descrito no plano adxunto.*



Segundo.- Acordar a taxación do ben, e a súa inclusión no Inventario de Bens Municipais segundo o resultado do expediente de investigación, co trazado e características recollidos no plano adxunto, e á súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados no expediente.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo ós efectos da resolución do expediente de reposición de legalidade RLU 2010/1.

#### **4.- INICIO DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DO CAMIÑO DENOMINADO “CARREIRO IGLESIA-ARADA”.**

Vista a proposta da Alcaldía de inicio do expediente de investigación do camiño denominado “Carreiro Iglesia-Arada”, que literalmente di:

*“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,*

*Resultando que recibida denuncia neste Concello sobre as obras de construción dun muro ó longo dun sendeiro denominado “Camino Iglesia-Arada” (que se estaba a realizar en virtude de licenza municipal outorgada en data 5 de setembro de 2013), que o camiño referenciado figura no inventario municipal, xéranse dúbidas sobre a titularidade do mesmo que se derivan da documentación referida.*

*Resultando que en base ó sinalado no punto anterior, por parte desta Alcaldía dictouse providencia en orde a dar traslado do expediente ó Pleno da Corporación ós efectos de acordar a apertura do expediente de investigación de dito camiño, previo informe do Departamento de Servizos Xurídicos, e que por parte do Servizo de Urbanismo se procedese a realizar os trámites necesarios en orde a acordar a suspensión das obras autorizadas mediante licenza de 5 de setembro de 2013 ata o momento no que se resolva o expediente de investigación e se determine a existencia e titularidade do camiño referenciado.*

*Resultando que en data 16 de outubro de 2014 se dictou Resolución pola que se acorda a incoación de expediente de reposición da legalidade e suspensión das obras amparadas pola licenza URB/178/2013, ata o momento no que se resolva o expediente de investigación e se determine a existencia e titularidade do camiño.*

*Resultando que según se desprende do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pódese acordar de oficio ou por denuncia dos particulares, pola Corporación, o exercizo da acción investigadora, polo que se entende que o órgano competente para o exercizo desta acción é o Pleno da Corporación.*

*Resultando que según establece o artigo 48 do RBCL, recibida a comunicación e antes de acordar a apertura do expediente, procederase a un estudo previo sobre a procedencia do exercizo da acción investigadora, constando informe da encargada do Departamento de Servizos Xurídicos do Concello, e tendo en conta as dúbidas que se xeran dos datos sinalados sobre a existencia e titularidade do camiño enténdese que procede a incoación dun expediente de investigación de oficio sobre o Camiño “Iglesia-Arada”.*

*O artigo 49 do RBCL sinala que o acordo de iniciación do expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permitan identificar o ben ou dereito investigado, e de dito*



*acordo darase traslado á Administración Estatal e Autonómica para que éstas, no seu caso, podan facer valer os seus dereitos e alegar o que procedese.*

*O artigo 50 da mesma norma establece que no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación, poderán as persoas afectadas polo expediente alegar por escrito o que estimen convinte acompañando todos os documentos que consideren, debendo ser notificados persoalmente os afectados que resulten coñecidos no expediente. Transcorrido o prazo referido abrírase o período de proba e efectuada e valorada a mesma porase de manifesto o expediente por término de dez días ós afectados que comparecesen no expediente para que aleguen o que estime convinte, resolvendo posteriormente o expediente polo Pleno da Corporación previo informe de Secretaría.*

*Esta Alcaldía, ten a ben presentar ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño denominado no inventario de bens como “Carreiro Iglesia-Arada”.*

*Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.*

*Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.*

*Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes, según o disposto no artigo 50 do RBCL.*

*Sexto.- Facultar ó Alcalde-Presidente do Concello ou quen legalmente o sustitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento según o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.”*

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

*Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño denominado no inventario de bens como “Carreiro Iglesia-Arada”.*

*Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.*

*Terceiro.- Dar traslado, segundo o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.*

*Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes, segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.*



Sexto.- Facultar á Alcaldesa-Presidenta do Concello ou quen legalmente a substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.

## **5.- COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR REFERENTE Á DELIMITACIÓN DOS ESPAZOS E USOS PORTUARIOS.**

Visto o escrito recibido en data 15 de outubro de 2014 (nº de rexistro 7.534), remitido por Portos de Galicia, en resposta ó informe emitido polo Concello de Viveiro relativo á Delimitación dos espazos e usos portuarios (DEUP) do Porto de Viveiro-Celeiro, acordada a remisión de dito informe mediante acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2013.

Resultando que este asunto se dictaminou favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que tardaron casi dous anos en responder.

Non existindo máis debate sobre o asunto procédese á votación, acordándose, por unanimidade, dar traslado da resposta recibida ó Departamento de Urbanismo para a súa constancia e efectos.

## **6.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO INVENTARIO DE BENS REFERENTE Ó CAMIÑO DENOMINADO “PISTA PRADO-A ROSA”.**

Visto o expediente de rectificación de erro no Inventario de Bens referente ó camiño denominado “Pista Prado-A Rosa”.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Vista a proposta da Alcaldía en orde a acordar a rectificación de erro no Inventario de Bens referente ó citado camiño, que literalmente di:

*“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,*

*Resultando que tramitado expediente en orde á comprobación da existencia de posibles erros no grafiado do inventario, respecto ó camiño denominado “Pista Prado-A Rosa”, e comprobada a existencia dun erro de grafiado do mesmo na ficha do inventario, tal e como consta no informe técnico obrante no expediente.*

*Resultando que o órgano competente para aprobar a rectificación do Inventario de Bens é o Pleno da Corporación e constatado o erro sinalado, recolléndose gráficamente no informe técnico obrante no expediente as características e trazado que deberían figurar na ficha correspondente (anexo V do informe técnico).*

*Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*





*Primeiro.- Acordar a rectificación do inventario de bens no tocante ó camiño denominado “Pista Prado-A Rosa”, co obxectivo de corrixir o erro existente na ficha de dito camiño, no grafiado do mesmo.*

*Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó responsable do inventario de bens ós efectos de proceder á corrección do erro existente, debendo constar no inventario o camiño referido coas características recollidas no anexo V do informe técnico obrante no expediente.”*

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Acordar a rectificación do inventario de bens no tocante ó camiño denominado “Pista Prado-A Rosa”, co obxectivo de corrixir o erro existente na ficha de dito camiño, no grafiado do mesmo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó responsable do inventario de bens ós efectos de proceder á corrección do erro existente, debendo constar no inventario o camiño referido coas características recollidas no anexo V do informe técnico obrante no expediente

## **7.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA A RECOLLIDA URBANA DE ACEITES DE COCIÑA USADOS.**

Vista a proposta do Departamento de Medio Ambiente para a contratación dun servizo para a recollida urbana de aceites de cociña usados.

Visto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 19 de setembro de 2014 no que se manifesta a conformidade coa prestación do servizo nos termos recollidos na proposta sen prexuízo do seu traslado ó Pleno en aras a prestar a conformidade á tramitación de expediente de contratación para ditos efectos.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que o seu grupo está de acordo, e que se congratulan deste principio de acordo. Sinala que o P.P. tivo interese na recollida de aceites usados, como se mostrou en plenos anteriores, xa que a día de hoxe están a provocar avarías na depuración e alcantarillado. Engade que é gratuíto para o Concello e o emprazamento dos colectores parécelles axeitado, aínda que propoñen que nun futuro se poda ampliar a máis parroquias. Sinalan tamén que o modelo de colectores lles parece óptimo.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, prestar a conformidade á tramitación de expediente de contratación para servizo para a recollida urbana de aceites de cociña usados, dando traslado deste acordo ó Departamento de Contratación para levar a cabo dita tramitación.

## **8.- ADHESIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES POLO CLIMA.**

Visto o escrito remitido pola Federación Española de Municipios e Provincias no que se comunica que dito organismo suscribiu no ano 2013 un Acordo Marco co Ministerio de Agricultura,



Alimentación e Medio Ambiente, para promover e facilitar o desenvolvemento de iniciativas locais en materia do cambio climático a través da Rede Española de Cidades polo Clima, á que se poden adherir os Concellos, remitíndose ós efectos de poder acordar dita adhesión.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a adhesión á Rede Española de Cidades polo Clima.

### **9.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA PROVISIONAL NO CONTRATO DENOMINADO “CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO POSTO CON REFERENCIA F1 DA PRAZA MUNICIPAL DE ABASTOS DE VIVEIRO, RESERVADO PARA A VENDA DE PRODUCTOS DE FROITERÍA”.**

Vista a solicitude de devolución de fianza provisional presentada por D. José Luis Penabad Díaz, en data 23 de outubro de 2014, con nº de rexistro 7.754, no que se solicita a devolución da fianza provisional por importe de 665,44 euros presentada para o contrato denominado “Concesión administrativa do posto con referencia F1 da Praza municipal de Abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería”, por ter presentada xa a garantía definitiva do contrato.

Visto o informe emitido polo encargado do Servizo de Contratación, no que se indica que segundo se establece na cláusula 4 do capítulo primeiro do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador do expediente de contratación referido, a garantía provisional devolverase ós licitadores no momento de proceder á adxudicación da concesión, e constando dita adxudicación, informa favorablemente a devolución da fianza provisional formalizada o día 15 de maio de 2014 por importe de 665,44 euros por D. José Luis Penabad Díaz, para participar no procedemento denominado “Concesión administrativa do posto con referencia F1 da Praza municipal de Abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería”.

Resultando que este asunto se dictaminou favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a devolución da fianza provisional formalizada o día 15 de maio de 2014 por importe de 665,44 euros por D. José Luis Penabad Díaz, para participar no procedemento denominado “Concesión administrativa do posto con referencia F1 da Praza municipal de Abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería”, así como dar traslado deste acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados.

### **10.- MOCIÓN DA ALCALDÍA EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E. CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar, para dicir que o 25 de novembro é o día internacional da violencia de xénero, declarado en xullo de 1981 en Bogotá, ó que posteriormente a ONU lle deu carácter oficial. Sinala que se trata dunha gran lacra social, aprobándose en decembro de 2004 a Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. España recibiu en Xenebra unha das mencións de honra onde se recoñece a esta lei como un gran instrumento para acabar con esa lacra social, que cada vez vai en aumento. Engade que o goberno do P.P. cos seus recortes ameaza esta lei, con recortes en igualdade e en violencia de xénero, e califica coa última reforma local, as competencias dos concellos nesta materia como impropias, facendo desaparecer tamén o principio de igualdade do discurso político, sinalando que o P.S.O.E. ten tolerancia cero contra a violencia de xénero, polo que propón os seguintes acordos e procede a dar lectura dos acordos propostos na moción, do seguinte xeito, recalcando que hai máis de 840.000 nenos e nenas afectados pola violencia de xénero:

Este concello dedícalle un sentido e doloroso recordo á memoria de todas as mulleres asasinadas por violencia de xénero e expresa as súas condolencias ás súas familias e amizades.

Así mesmo, manifesta a súa repulsa a todas as manifestacións da devendida violencia, redobra os seus compromisos coas vítimas e declara a tolerancia cero cos maltratadores.

Este concello comprométese a non reducir nin recursos, nin servizos, nin orzamentos para combater a violencia de xénero así como a:

1. Impulsar dende o ámbito local a sensibilización sobre a violencia de xénero, a detección e o apoio ás vítimas e aos seus fillos e fillas menores.
2. Impulsar a aplicación da Lei de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero en coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.
3. Reclamar que os concellos e os entes locais recuperen expresamente as competencias en igualdade e violencia de xénero, coa conseguinte dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Este concello esixe ao goberno estatal que:

1. Adopte todas as medidas que permitan a aplicación efectiva e o desenvolvemento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
2. Repoña os fondos orzamentarios recortados.
3. Desenvolva o sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero.
4. Impulse a implantación dos medios telemáticos e avalie esa implantación en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial.
5. Revise e avalie os protocolos de coordinación actuais para aumentar a súa eficiencia e garantir a súa aplicación en todo o territorio.
6. Impulse, xunto coas comunidades autónomas, a finalización da implantación das unidades de valoración integral de violencia de xénero en todo o territorio.



7. Avance nunha maior formación e especialización de todos os profesionais que inteveñan fronte a esta violencia e garanta que calquera modificación que se leve a cabo nas estruturas desenvoltas para perseguir esta violencia non perda a especialización.
8. Garanta o cumprimento do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, coñecido como o Convenio de Estambul.
9. Realice as reformas no Código Penal, na lei Orgánica do Poder Xudicial, no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei de Enxuízamento Criminal para que, co obxectivo de facer máis efectiva a protección e a tutela penal de seguridade dos fillos e fillas menores que padecen a violencia de xénero no seu núcleo familiar, aseguren o pronunciamento expreso do xuíz respecto da necesidade de adoptar medidas específicas sobre a réxime de custodia, visitas, coidado e educación dos fillos e fillas, procurando a súa maior seguridade e atención, así como as medidas provisionais concretas, incluído outras medidas de asistencia e protección social integral.
10. Remita este acordo á Comisión de Igualdade das Cortes Xerais.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, para dicir que por esta lacra social faleceron 42 mulleres no 2014, 2 menos que no ano 2013, sendo as menores mortes dende que hai rexistros, pero aínda así son cifras malas porque é unha lacra que habería que erradicar, existindo unha estratexia nacional para a súa erradicación, cun orzamento de mil cincocentos millóns de euros. Engade que o goberno intensificou a prevención coa reforma educativa, tamén coa campaña hai saída, así como o detector de maltrato dende o móbil. Incídese en que se denuncie por parte das mulleres o maltrato, recalando a existencia de xustiza gratuita para as vítimas e o asesoramento xurídico para evitar arquivos e sobreseementos nos xulgados. Sinala que tamén se traballa en reforzar a coordinación coa xustiza e que haxa efectivos especializados nas comisaría, dicindo que na moción se pide isto e xa está en marcha. Tamén apunta que en xullo se aprobou o protocolo coas vítimas ás casas de acollida en quince días, medrando tamén as chamadas ó 016. Engade que medrou un 7,5% a cantidade transferida ás Comunidades Autónomas para asistencia ás vítimas, e os menores terán dereito á mesma asistencia que os pais. Sinala que tamén se modificou o Código Penal, e que se multiplicaron os contratos a vítimas. Apunta que hoxe en día España ten mellores resultados que Europa, e nos orzamentos de 2015 aumenta o 6,86% a cuantía para violencia de xénero, e por primeira vez hai unha partida de un millón de euros para plans personalizados, polo que o goberno ten un compromiso coa igualdade e a violencia de xénero. Remata dicindo que o número dous dos puntos do acordo proposto non poden compartilo, polo que solicitan ó P.S.O.E. que se retire ou se permita o voto por separado de cada punto, xa que en todo o demáis están completamente de acordo a favor da igualdade e en contra da violencia de xénero.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D<sup>a</sup>. Olalla.Casas Chaves, para dicir que o seu grupo está de acordo cos puntos da moción. Sinala que cada ano o B.N.G. segue manifestando o seu pesamento por cada unha das mulleres asasinadas, e indica que oxalá rematase esta lacra e o vindeiro ano fose un ano sen mortes. Engade que as campañas de sensibilización están ben pero realmente o que segue sendo fundamental e que non se da rematado con políticas que manteñen e reforzan o patriarcado e a maiores coa crise as mulleres volven para o mundo doméstico, non axudando tampouco os colexios con separación de sexos, e sinala que as políticas do P.P. neste eido



seguen mantendo que a violencia se siga dando a todos os niveis, apuntando que votarán a favor e pedindo que se trate de puntos reais que non soamente queden plasmados no papel, xa que isto afecta cada día do ano polo que se deberían levar a cabo medidas eficientes e eficaces para acabar coas políticas que leva o goberno do Estado e da Xunta.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo vai votar a favor da moción, engadindo que se trata dun problema que todos rexeitan. Di que despois do relato do P.P. referente ós datos ninguén os poñerá en dúbida pero as medidas adoptadas non son suficientemente efectivas, entendendo que o problema non é de fácil solución, polo que entende que o mellor sería un gran consenso para a adopción de medidas xa que todos teñen como obxectivo erradicar esta lacra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar, para dicir que non sabe se traballan cos mesmos datos, indicando que o P.S.O.E. traballa cos datos dos orzamentos estatais e autonómicos e con eses datos obsérvase que o P.P. reduciu nun 33% os orzamentos en materia de igualdade e nun 22% en materia de violencia de xénero, recortando estas porcentaxes dende que entrou no goberno. Engade que en Galicia os fondos de cooperación local son uns fondos que se conceden ós Concellos onde tamén van partidas para violencia de xénero e no ano 2013 tiñan oito millóns de euros e ademáis un fondo adicional para contratar por violencia de xénero, e no 2014 hai un millón de euros para todos os fondos de cooperación local, incluído a violencia de xénero, polo que este ano Viveiro non puido contratar a ninguén por violencia de xénero. Sinala que a moción se vai votar en conxunto e tal e como está non aceptando a proposta do P.P.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, para dicir que lamenta a decisión do P.S.O.E. pero non lle sorprende, e recalca que simplemente se solicitaba que se retirara o punto segundo ó non ser certo, tal e como espuxo antes, xa que non se recortou, simplemente os orzamentos se realizan en función da situación económica de cada momento e a parte que se reduciu non afecta a políticas de igualdade. Explica que antes a Secretaria de Estado de Igualdade ía presentar campañas de concienciación social a Sudamérica, ela co seu séquito, e iso sí se reduciu. Engade que antepoñer o mero interese político e non permitir consenso na moción non fai ningún servizo á loita contra a violencia de xénero e apunta que o seu grupo se vai abster.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G. , D<sup>a</sup>. Olalla Casas Chaves, para dicir que coa que está caendo falar agora das campañas de concienciación social en Sudamérica non lle parece moi oportuno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que non sabe se rir ou chorar, e indica que estar calado algunha vez é un triunfo. Engade que o P.P. non pode dar leccións coa que lles está chovendo, entre tarxetas, viaxes ás islas, etc., e di que este tema é máis serio que para tomalo así, e non entende un enfrontamento detrás dunhas siglas e que o enfrontamento se base en se se recortou ou non, xa que non vale de nada votarlle a culpa a uns ou a outros, senón que se trata dunha lacra que hai que erradicar, o outro problema tamén o hai que erradicar, pero isto é máis importante, xa que hai que defender á muller e evitar que volva á sumisión na que estivo antes.



Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobar a moción presentada polo P.S.O.E., con 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i., e 6 abstencións correspondentes ó grupo do P.P., do seguinte xeito:

Este concello dedícalle un sentido e doloroso recordo á memoria de todas as mulleres asasinadas por violencia de xénero e expresa as súas condolencias ás súas familias e amizades.

Así mesmo, manifesta a súa repulsa a todas as manifestacións da devendida violencia, redobra os seus comprimisos coas vítimas e declara a tolerancia cero cos maltratadores.

Este concello comprométese a non reducir nin recursos, nin servizos, nin orzamentos para combater a violencia de xénero así como a:

1. Impulsar dende o ámbito local a sensibilización sobre a violencia de xénero, a detección e o apoio ás vítimas e aos seus fillos e fillas menores.
2. Impulsar a aplicación da Lei de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero en coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.
3. Reclamar que os concellos e os entes locais recuperen expresamente as competencias en igualdade e violencia de xénero, coa conseguinte dotación orzamentaria suficiente, igual que o resto das administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar na súa integridade e de forma eficaz a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Este concello esixe ao goberno estatal que:

1. Adopte todas as medidas que permitan a aplicación efectiva e o desenvolvemento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
2. Repoña os fondos orzamentarios recortados.
3. Desenvolva o sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero.
4. Impulse a implantación dos medios telemáticos e avalie esa implantación en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial.
5. Revise e avalie os protocolos de coordinación actuais para aumentar a súa eficiencia e garantir a súa aplicación en todo o territorio.
6. Impulse, xunto coas comunidades autónomas, a finalización da implantación das unidades de valoración integral de violencia de xénero en todo o territorio.
7. Avance nunha maior formación e especialización de todos os profesionais que inteveñan fronte a esta violencia e garanta que calquera modificación que se leve a cabo nas estruturas desenvoltas para perseguir esta violencia non perda a especialización.
8. Garanta o cumprimento do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, coñecido como o Convenio de Estambul.
9. Realice as reformas no Código Penal, na lei Orgánica do Poder Xudicial, no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei de Enxuízamento Criminal para que, co obxectivo de facer máis efectiva a protección e a tutela penal de seguridade dos fillos e fillas menores que padecen a violencia de xénero no seu núcleo familiar, aseguren o



pronunciamento expreso do xuíz respecto da necesidade de adoptar medidas específicas sobre a réxime de custodia, visitas, coidado e educación dos fillos e fillas, procurando a súa maior seguridade e atención, así como as medidas provisionais concretas, incluído outras medidas de asistencia e protección social integral.

10. Remita este acordo á Comisión de Igualdade das Cortes Xerais.

### **11.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. RELATIVA Á SOLICITUDE POR PARTE DO CONCELLO DE VIVEIRO A PORTOS DE GALICIA DA CESIÓN DA CASA DO GARDA PEIRAOS NO MUELLE VELLO PARA USOS PÚBLICOS.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, que procede á lectura da moción, que en resumo di que ante o inminente derrube de cinco dos oito galpóns do muelle vello de Viveiro por parte de Portos de Galicia, o que permitirá a apertura ó mar e ampliar a zona de aparcadoiro, consideran interesante solicitar a cesión da “Casa do Gardapeiraos”, unha casa empredrada que se adapta ben ó seu entorno para aproveitala como identidade deste espazo portuario e adicala a distintos usos públicos, dende un centro de interpretación de temas relacionados co mar, ata facer unha distribución de locais para asociacións ou local a explotar en réxime de concesión polo Concello, propoñendo que se solicite por parte do Concello de Viveiro a Portos de Galicia a cesión da “Casa do Gardapeiraos” do muelle vello para adicala a usos públicos.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García para dicir que o Concello a día de hoxe ten con Portos as seguintes xestións:

- Vanse demoler os cinco galpóns, segundo dixeron en Portos, antes de fin de ano, aínda que non se cumpren as datas que dicía o grupo do P.P. para a demolición. Engade que foi a Portos xunto co técnico a ver o proxecto, e trátase dun proxecto sinxelo, coa demolición e riego asfáltico na zona dos galpóns. O Concello quere que dunha vez por todas se abra Viveiro ó mar, aínda que o equipo de goberno non está de todo satisfeito, xa que quedan tres galpóns sen demoler que están en proceso de rescate, cos que ten a Alcaldía unha reunión mañá venres.

- Hai un pequeno proxecto que xa se ten no Concello para ensanche das beirarrúas nesa zona.

- Xa se falou con Portos da concesión non cesión, porque Portos non pode ceder porque a titularidade é de Costas. O Concello pode pedir a concesión e a casa ten que ser destinada a actividades relacionadas coa historia do mar. Apunta que o seu grupo votará a favor da moción se se aceptan estas modificacións. Di que o que se falou con Portos foi a concesión, incluso do xardín que bordea a casa para incorporalo ó núcleo do casco. Engade que tamén se está facendo así noutros concellos como en Cariño, polo que tendo en conta que o equipo de goberno xa o está xestionando votarán a favor se se aceptan estas modificacións.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que imaxina a un turista que chega a Viveiro por primeira vez e aparca no muelle vello e dirá que feo é todo. Engade que xa esperaban esta posición electoralista do P.P. xa que se leva moitos anos con isto e agora cerca das eleccións preséntase esta moción. O P.P. non fixo avances e o P.S.O.E. en



doce anos intentouno pero tampouco. Sinala que o portavoz do grupo do P.P. e candidato á alcaldía mal empeza cando di que se demolen os galpóns en setembro e estamos en novembro e aínda non se demoleron, polo que se está a rir da cidadanía. Di que Portos se fai unha concesión a favor do Concello isto vai costar diñeiro ó Concello, e en tal caso primeiro debería arranxar a casa e logo deixala en concesión, xa que doutro xeito o Concello gastará diñeiro e despois será para eles. Por isto di que o B.N.G. entende que esta é unha postura trampa, soltándolle a casa ó Concello, xa que non teñen un proxecto integral para a zona. Manifesta que o B.N.G. presentou enmendadas ós orzamentos da Xunta de Galicia de tres millóns de euros para o muelle de Viveiro porque non figura nada nos orzamentos. Entende que o lóxico é que Portos renunciase á concesión para que logo Costas llo puidese ceder ó Concello, engadindo que lles parece lamentable que o P.S.O.E. entre a este xogo, e que o seu grupo vai votar en contra porque a proposta parécelles unha trampa, xa que o que debería existir é un proxecto integral para a zona e chegar a un acordo co que se vai facer en Viveiro, reprochándolle ó P.P. que queren facer pasar este “pincho” por “comida” para as eleccións pero a xente non é tonta e darase conta de que esta proposta é un engano. Sinala que o lóxico é que Portos fose quen ensinase o proxecto e non houbese que ir a velo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que primeiro debería verse se o P.P. acepta a modificación da moción que lle propuxo o P.S.O.E. de cambiar cesión por concesión e que sexa para os usos que se permiten, antes de entrar a debater sobre o fondo do asunto.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que si se aceptan as modificacións propostas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que esta cuestión xa se solicitou nun pleno do 2008 e por aquel entón había problemas entre Costas do Estado e Portos de Galicia e aínda que había un fin común para ambos, Viveiro perdeu tres millóns de euros, cun proxecto feito no ano 2005, polo que non se fixo a inversión, e agora preténdese facer uns feitos que desvirtúan a realidade, cando a primeira impresión ó chegar a Viveiro debería ser outra. Engade que levar isto e non levar nada e case o mesmo, que van tirar cinco galpóns e a concesión que se plantexa pedir pregúntase para qué. Considera que habería que facer unha actuación global, incluso extendéndoa ata a Estación de Autobuses, xa que doutro xeito son chapuzas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que aceptan as modificacións propostas polo P.S.O.E., xa que a intención é recuperar esta casa. Dille ó portavoz do B.N.G. que respecto á súa equivocación nas datas da demolición repase a hemeroteca, xa que o que dixo foi que a partir do 20 de outubro se poderían empezar a demoler en calquera momento, e que moi ó seu pesar a demolición está moi próxima, como lle confirmaron de Portos nunha visita a Viveiro, e dilles que ó B.N.G. nunca lles vale nada, que cando non hai nada queren algo e que cando hai algo queren que houbese máis, e recalca que él non minte. Engade que o Sr. Leal presentou esta moción no ano 2008 cando estaba no P.P., e daquela non foi aprobada e agora espera que sí.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que lle da a razón ó B.N.G. respecto a que o lóxico era que viñese o proxecto a Viveiro e non ir a velo, pero se non veñen a ensinalo haberá que ir a velo, polo que se a montaña non vai a Mahoma, vai Mahoma á montaña. Engade que non ve onde está a trampa, e di que o B.N.G. reivindicaba en moitas ocasións un museo do mar, e que se trata dunha





concesión, que xa se negociará como se vai facer, indicando que Portos dixo que arranxarían eles o tellado. Considera que é mellor un proxecto integral da zona, pero mellor é isto que nada, e indica que xa lles comentará ó resto de partidos se Portos se puxo en contacto cos propietarios dos outros 3 galpóns e se o Concello pode colaborar para que se derruben todos mellor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que non é moi ó seu pesar, senón ó mellor moi ó pesar do grupo do P.P. Engade que non criticou ir a Lugo senón que di que o lóxico é que viñera Portos e mostrar o proxecto. Aclara que a trampa é que logo Portos pode recuperar a concesión en pouco tempo xa que é fácil a recuperación e ademáis o Concello invertiría diñeiro en arranxar a casa, e Portos de Galicia non merece o beneficio da dúbida, e non sabe en virtude de que vai o portavoz do P.P. ás visitas de Portos de Galicia, considerando a actitude deste ente con Viveiro como lamentable, anunciando que van votar en contra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que se lle pide a Portos de Galicia unha visita con todos os portavoces e cando veñen nin tan sequera os recibe, polo que non se pode crer na palabra dese señor, xa que non fixo ningunha actuación por Viveiro. Engade que non hai vontade e que foi a presión que se fixo para que puidese facer algo e que as dúas datas que se deron para a demolición non veu nin o albanel coa paleta polo que non se pode crer neste ente.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose a aprobación da moción presentada polo P.P., coas modificacións propostas polo P.S.O.E., con 12 votos a favor correspondentes ós grupos do P.P. e P.S.O.E., 3 votos en contra correspondentes ó grupo do B.N.G. e 2 abstencións correspondentes ó grupo do i.V.i., do seguinte xeito:

Que se solicite por parte do Concello de Viveiro a Portos de Galicia a concesión da “Casa do Gardapeiraos” do muelle de Viveiro para os usos permitidos.

## **12.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E. ASUMINDO A PROPOSTA DE RESOLUCIÓN/DECLARACIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO PÚBLICO DE CORREOS PROPOSTA POR CCOO.**

Intervén a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García para dicir que se presenta esta moción que presenta Comisións Obreiras en relación co servizo público de correos, e procede á lectura da moción, que en resumo di que Correos presta un gran servizo público ós cidadáns, polo que a regulación europea e estatal contemplan mecanismos de financiación para garantir a prestación do correo en todo o territorio. Consta demanda ante a Comisión Europea pola patronal do sector loxístico esixindo ó Estado a devolución da financiación do Servizo Postal Universal dende 1998, preocupando a nula actuación do Goberno, o que está conlevando un custo social a moi alto nivel xeral. En Viveiro o axuste significou tres postos suprimidos, as poboacións rurais máis alonxadas do núcleo urbano do Concello sen reparto regular, entorno a 3000 cidadáns afectados pola perda ou debilitamento do servizo postal, 100 km. de reparto recortado, etc, e sobre todo pode afectar a medio prazo á viabilidade da empresa Correos, ó servizo público que presta e ó emprego de case 55.000 traballadores. O Convenio Colectivo atópase bloqueado tras seis meses de negociación e sen avance algún, o que podería impedir o desenvolvemento do Plan de Acción de Correos (plan de desenvolvemento empresarial), polo



que de non darse un posicionamento do Goberno poderíase por en perigo a figura do carteiro e dos servizos postais á cidadanía, polo que se propón:

Requirir ao Goberno da nación para que tome as medidas necesarias para garantir a viabilidade do servizo postal público:

- Definindo unha posición de Estado que exprese sen ambigüidade a súa defensa do servizo postal público e os seus compromisos co futuro de Correos como empresa punteira do sector público, cesando canto antes as disputas de intereses e posicións entre Ministerios.

- Garantindo os compromisos de financiación para a prestación dos servizos postais a todos os cidadáns expresados e aprobados en sede do Parlamento español..

- Impulsando unha regulación do mercado que non recorte o PLAN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO POSTAL UNIVERSAL aos cidadáns e que peche espazos aos intereses mercantis que as multinacionais e lobbies financeiros que so buscan benefizo e rendabilidade a curto prazo a conta do dereito dos cidadáns.

- Asegundo que os cidadáns reciban o reparto da correspondencia 5 días á semana como manda a Directiva Postal europea.

- Desbloqueando as medidas ministeriais que están impedindo a Correos a transición da carta, hoxe en clara caída polo efecto substitución, hacia novos mercados, sobre todo paquetería.

- Desbloqueando as decisións ministeriais que impiden para a consecución dun acordo laboral, hoxe inexistente, do que dependerá o emprego e as condicións de 55.000 traballadores pero tamén a paz social a punto de romperse e, en consecuencia, a estabilidade na xestión do operador público Correos.

Engade a Sra. Alcaldesa que desgraciadamente se está acostumado ós recortes do P.P., e neste caso tamén se sufren en Viveiro, aclarando que na zona rural a praza de Landrove sumprímese, a de Celeiro redúcese e en Covas tamén dixerón que se suprimiría.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para dicir que Correos ten unha forma societaria polo que se lle aplica o dereito mercantil. Como garantía do mantemento do servizo postal dictouse unha lei no ano 2010, que é unha trasposición dunha directiva europea, para garantir un servizo postal universal. Engade que este servizo está liberalizado dende hai moitos anos, e nalgunhas zonas non é rentable polo que hai unha Comisión que estuda os custos e sobre ese estudo sufraga custos o Estado en base ós orzamentos xerais, polo demáis Correos realiza a súa labor como empresa. Sinala que polo seu alcance territorial e dimensións é unha empresa que funciona ben, e as empresas de loxística protestan polos servizos de paquetería, por iso presentaron esa reclamación en Europa. Engade que traballadores de Correos en Viveiro din que non están suprimidas esas prazas, que o que se fixo foi unha reorganización, garantindo a recollida e prestación de servizos cinco días á semana en todas as parroquias. Sinala que se trata dun sindicato que está a negociar un convenio colectivo, que non ten habilidade para chegar a un acordo e utiliza estas propostas. Recalca que a prestación do servizo en todo o territorio e universal está



garantindo e apunta que un traballador incluso lle comentou que os de CCOO só defenden o seu.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que non é o mesmo negociar un convenio colectivo nunha empresa privada que nunha empresa pública, e engade que uns din que recortan, outros que amplían e os que quedan sen carteira son os veciños.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que se saca media hora en Celeiro cambiando o horario e o máis grave é que a carteira de Celeiro vai ter que ir repartir o correo a Xove. Sinala que o reparto de Landrove se coñece como Galdo-Magazos, que é a que queren suprimir, suprimindo dous postos en Xove e un en Viveiro, quedando 16 carteiros entre Viveiro e Xove, tocándolle a cada cateiro 1.218 cidadáns, polo que a unha media de tres persoas por vivenda, tocaríalle a cada un unhas 400 vivendas, co que non lles van chegar as horas do día para repartir. Considera que se é un servizo que funciona ben non é lóxico andar recortando, amortizando tres prazas de contratados, e engade que a Unión Europea é a que marca as pautas pero non di onde hai que repartir o correo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cada vez hai menos cartas e os traballadores din que presentan proxectos de paquetería e non llos admiten.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose con 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i. e 6 abstencións correspondentes ó grupo do P.P. a aprobación da moción presentada pola Alcaldía asumindo a proposta de Correos, do seguinte xeito:

Requirir ao Goberno da nación para que tome as medidas necesarias para garantir a viabilidade do servizo postal público:

- Definindo unha posición de Estado que exprese sen ambigüidade a súa defensa do servizo postal público e os seus compromisos co futuro de Correos como empresa puntera do sector público, cesando canto antes as disputas de intereses e posicións entre Ministerios.
- Garantindo os compromisos de financiación para a prestación dos servizos postais a todos os cidadáns expresados e aprobados en sede do Parlamento español..
- Impulsando unha regulación do mercado que non recorte o PLAN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO POSTAL UNIVERSAL aos cidadáns e que peche espazos aos intereses mercantis que as multinacionais e lobbies financeiros que so buscan benefizo e rendabilidade a curto prazo a conta do dereito dos cidadáns.
- Asegundo que os cidadáns reciban o reparto da correspondencia 5 días á semana como manda a Directiva Postal europea.
- Desbloqueando as medidas ministeriais que están impedindo a Correos a transición da carta, hoxe en clara caída polo efecto substitución, hacia novos mercados, sobre todo paquetería.



**- Desbloqueando as decisións ministeriais que impiden para a consecución dun acordo laboral, hoxe inexistente, do que dependerá o emprego e as condicións de 55.000 traballadores pero tamén a paz social a punto de romperse e, en consecuencia, a estabilidade na xestión do operador público Correos.**

### **13.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que dará resposta escrita ás preguntas formuladas polo Grupo Municipal do P.P. , cos números de rexistro de entrada 7.663, 7.784 e 7.910, respostando de forma oral ó resto de preguntas. Indica que se fai entrega neste momento pola Secretaria Municipal das respostas sinaladas ó portavoz de cada grupo municipal, engadindo que se respostan estas por escrito porque do Grupo Municipal do P.P. aínda quedan máis preguntas para este pleno que se respostarán oralmente.

A continuación transcríbense as preguntas formuladas polos Concelleiros do Grupo Municipal Popular, que, literalmente, dín:

**1º.-** “D. Jaime de Olano Vela, viceportavoz do Grupo Municipal do Partido Popular e no seu nome, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais formula as seguintes preguntas á Sra. Alcaldesa (Nº REGISTRO: 7.663):

“O Teatro Pastor convertiuse desde a súa rehabilitación, alá polo ano 2001, no centro de actividade cultural do noso municipio, con numerosa afluencia de veciños e visitantes. Nos últimos tempos, por desgracia, tivemos que soportar situacións moi desagradables: desde a falta de calefacción a cortes de luz por falta de pago das facturas pasando por problemas de goteiras no tellado e, finalmente, nos últimos meses, o acordo dunha parte do aforo debido a goteiras e humidades. Este Grupo chamou a atención sobre estes problemas en repetidas ocasións desde hai anos e o certo é que desde o Concello nada se ficho ao respecto –ao menos que sepamos- xa que a información neste asunto é nula e cando a hai ... digamos que “non é de todo exacta”.

A preocupación aumenta á confirmarse a nosa valoración sobre este asunto e coñecer que o pasado mes de xuño a empresa distribuidora –BEGASA- alertou ao Concello de Viveiro das irregularidades na que está incurrido con respecto ao subministro de luz ao Teatro Pastor Díaz. No seu escrito, a subministradora conclúe que:

“Actualmente, por tanto, las instalaciones eléctricas del punto de suministro referido (Teatro Pastor Díaz) han sido identificadas como peligrosas, pudiendo suponer un riesgo para las personas y cosas.

Esta situación ha sido puesta en su conocimiento en diferentes escritos desde el año 2006...”

Finalizando así:

“Ante la gravedad de la situación descrita, insistimos en su necesaria corrección antes del próximo 8 de septiembre ...

Por todo isto, comprenderán e a bo seguro compartirán a nosa preocupación: problemas de filtracións e humidades a unha instalación eléctrica irregular e perigosa para as persoas e cousas resulta



ser francamente alarmante, soamente comparable coa alarma que nos produce a absoluta pasividade por parte da Sara. Alcaldesa e o Concelleiro de Obras ante esta situación.

É polo anterior, que nos gustaría coñecer a resposta da Sra. Alcaldesa ás seguintes cuestións:

- ¿Garantiza a Sra. Alcaldesa a seguridade das persoas, moitas delas menores de idade, que utilizan o Teatro?.
- ¿Que se fixo ao respecto desta irregular situación que se alonga xa máis de 11 anos e que a distribuidora califica como perigosa para persoas e cousas?.
- ¿Cumpriron co requirimento realizado pola empresa distribuidora?.
- ¿Considera a Sra. Alcaldesa que este tipo de “enganche” á rede é totalmente seguro?.
- En caso de considerar a Sra. Alcaldesa que, en contra do manifestado por BEGASA, o subministro é seguro, ¿podenos indicar en que se basea para afirmar tal cousa e se existe algún informe técnico que avale a seguridade das instalacións do Teatro Pastor Díaz?.
- ¿Cal é o motivo exacto polo que se atopa acordado unha parte do aforo do Teatro Pastor Díaz?.
- ¿Que se fixo desde o Concello para solventar esta situación?.”

**2º.-** “D. Antonio J. Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldía da Corporación as seguintes preguntas sobre as que desexa obter a correspondente resposta (Nº DE REXISTRO: 7.784):

No Pleno celebrado o 3 de xullo de 2014, o noso grupo presentaba un rogo para que se instalaran os desfibriladores nos campos de fútbol de Viveiro e de Galdo e no Pavillón Municipal.

Ante isto a Sra. Alcaldesa respostaba que xa se encontraban nas dependencias municipais e mesmo que se impartiría por parte da Diputación un curso ó persoal para poder utilizalos.

Como queira que xa pasaron catro meses dende esta resposta, que comenzou unha nova temporada deportiva e que os desfibriladores non se colocaron nas instalacións deportivas sinaladas anteriormente é polo que lle preguntamos:

1. Cando teñen pensado instalalos nestas dependencias deportivas?.
2. Realizouse o anunciado curso de formación por parte da Diputación?.
3. En caso afirmativo, que persoal asistiu ó mesmo?.”

**3º.-** “D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes preguntas (Nº. DE REXISTRO. 7910):

O día 26 de outubro comenzou o prazo para resintonizar o cambio de frecuencia dos canles de TV, dito prazo prolongarase ata o 1 de xaneiro de 2015. O Ministerio de Industria envía axudas á Xunta de Galicia por un valor de 19 millóns de euros para que as comunidades de propietarios poidan percibir as subvencións presentando a factura do instalador oficial e a documentación, tal e como se indica na páxina web habilitada a tales efectos.

O noso Concello ten en propiedade os reemisores de TV situados na Tora en Covas, Landrove, no Faro en Faro-Area e a antena receptora en Escourido, todos eles para enviar o sinal de TV ás zonas con sombra e con dificultade para captar dito sinal da TDT, e de cuxo mantemento se ocupa unha empresa local contratada polo Concello.

Por este motivo lle preguntamos ó Goberno local:



1º) A día de hoxe realizou o Goberno local algunha xestión para levar a cabo os citados cambios que hai que acometer nos reemisores de TV do Concello?.

2º) Para que data ten previsto o Goberno local adaptar as centralitas dos reemisores de TV propiedade municipal cos novos canles de TV?.

Recóllese en acta o contido da contestación escrita das preguntas referidas, que literalmente din:

1ª.- “En data 21/10/14, con número de rexistro de entrada 7663/2014, tivo entrada no rexistro municipal un escrito presentado polo Grupo Municipal Popular de Viveiro realizando unha serie de preguntas sobre as que desexa obter unha resposta oral ou escrita.

No escrito referido (número de rexistro de entrada 5543/2014), Begasa advertía da necesidade de corrixir a situación irregular da instalación eléctrica do Teatro Pastor Díaz. Esta irregularidade consiste en manter o contrato de suministro de enerxía eléctrica do teatro como suministro de obra a nome da empresa Odein, SL, situación que se arrastra dende o ano 2001.

Para dar resposta a esa requirimento de Begasa, remitíronse dous escritos, con número de rexistro de saída 5155/2014 e 5438/2014, nos que se explicaba que se están acometendo as obras necesarias para adaptar a instalación ao novo regulamento de baixa tensión e esas labores concluirán, previsiblemente, a mediados do vindeiro mes de xaneiro; en ambos escritos, así mesmo, o Concello de Viveiro ofrécelle a Begasa a posibilidade de verificar o estado das obras sempre que o considere oportuno e comprométese a contratar coa comercializadora elixida o suministro eléctrico do Teatro Pastor Díaz en canto finalicen os traballos para que a súa instalación eléctrica sexa conforme á lexislación vixente.

As obras que se están a realizar consisten no cambio do cableado para poder adaptar a instalación eléctrica do teatro á normativa vixente e contratar o subministro eléctrico correspondente, dando de baixa a luz de obra que viña operando na actualidade. Durante a execución destas obras, detectáronse certos problemas estruturais nos palcos, desmontouse o falso teito e descubriuse que a madeira non estaba en boas condicións; por esta razón, precintouse esa parte do teatro e iniciáronse os trámites oportunos para proceder, por medios propios, á reposición ou reparación das vigas de madeira existentes. A reparación destes problemas estruturais, aparecidos durante as obras de adaptación da instalación eléctrica, provocou unha demora sobre a data prevista para a finalización dos traballos; tal e como se lle comunicou a Begasa, está previsto que as labores que se están a executar na instalación eléctrica do teatro conclúan a mediados de xaneiro, pois cómpre ter en conta, ademais, que toda a reparación se está a realizar mantendo a actividade propia da teatro, garantindo, sempre, a súa seguridade.

Cómpre facer fincapé, con respecto ás obras que se están a executar e aos problemas estruturais detectados, que, tras a rehabilitación integral realizada no Teatro Pastor Díaz durante o goberno popular, nos últimos anos viñéronse detectando certas anomalías (sen poder determinar se están provocadas polo paso do tempo ou por deficiencias da construción). O goberno socialista investiu máis de 50.000 euros en solucionar os principais problemas, executando obras na cuberta



para evitar as filtracións existentes na zona de butacas e eliminando os problemas de humidade existentes na subida das escaleiras á primeira planta.

Finalmente, os técnicos conclúen que non se pode considerar que sexa unha instalación perigosa, non supón ningún risco para as persoas nin as cousas e estanse realizando obras de mellora, corrixindo vicios ocultos e adaptando a instalación eléctrica á normativa vixente para poder contratar coa comercializadora elixida o subministro eléctrico. Se realmente houberse algún perigo, este equipo de goberno non tería ningún inconveniente en pechar a totalidade das instalacións, como xa fixo noutras ocasións, pois, por responsabilidade, é consciente de que a seguridade é o primeiro.“

2ª.- “En data 27/10/14, con número de rexistro de entrada 7784/2014, tivo entrada no rexistro municipal un escrito presentado polo Grupo Municipal Popular de Viveiro realizando unha serie de preguntas sobre as que desexa obter unha resposta oral ou escrita.

As respostas ás preguntas formuladas son:

A día de hoxe o Concello de Viveiro conta cun desfibrilador, destinado ao departamento de Protección Civil, e ten outro que se instalará no Polideportivo Municipal, que foi facilitado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo. A acción formativa para o manexo deste último vai ter lugar o vindeiro 17 de novembro de 2014, de 8:00 a 15:00 horas, e neste curso participarán os catro conserxes do campo de fútbol e dos pavillóns polideportivos e máis tres membros de Protección Civil.

Aínda que a Excm. Deputación Provincial de Lugo facilitou un deses desfibriladores, a formación para o seu uso corre a cargo do concello, polo que, neste tempo, tiveron que realizarse as xestións oportunas contactando con empresas homologadas neste sector, solicitando presupostos, concretando datas, etc.

A partir do vindeiro día 17 do presente mes, ambos desfibriladores estarán dispoñibles nos lugares referidos e o persoal municipal encargado de utilizalos posuirá a formación necesaria para o seu uso.”

3ª.- En data 30/10/14, con número de rexistro de entrada 7910/2014, tivo entrada no rexistro municipal un escrito presentado polo Grupo Municipal Popular de Viveiro realizando unha serie de preguntas sobre as que desexa obter unha resposta oral ou escrita.

As respostas ás preguntas formuladas son:

No seu momento, cando houbo o cambio da televisión analóxica a televisión dixital, este goberno local realizou todas as xestións para que o día que comezaba a TDT estivese todo a punto, como sucedeu. Entre as xestións realizadas houbo que substituír os emisores que existían en catro zonas do Concello para dar cobertura ás zonas de sombra. A medida que se foron incrementando o número de canais estes emisores había que amplialos para que se puidesen captar nas zonas citadas. Existía presuposto e intención por parte da Secretaría Xeral de Medios, dependente da Xunta de Galicia, para levar a cabo esta labor. Co cambio de goberno na Xunta o proxecto quedou totalmente paralizado ata hoxe e isto serviu a algúns para culpar, unha vez máis, ao goberno local.



Este goberno, como fixo no seu día, tamén fará as xestións necesarias para que os veciños resintonicen as novas frecuencias e que se amplíen os microreemisores.”

Procédese ó tratamento do resto de preguntas e rogos formulados:

**A.-** D. Antonio José Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Corporación os seguintes rogos, ao obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible (Nº DE REXISTRO 7.785):

1º) A Parroquia de San Juan de Covas é na actualidade a única parroquia do noso Concello que carece de rótulo indicativo. Segundo as informacións das que dispoñemos os carteis identificativos encontráanse en dependencias municipais, motivo polo que lle ROGAMOS á Alcaldesa que coa maior prontitude as volva a colocar nas entradas da mencionada parroquia.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se van colocar, e que por volume de traballo da brigada de obras se colocarán en breve, non só nesa parroquia senón tamén nas outras que faltan.

2º) Varios veciños que teñen as súas vivendas preto do paseo marítimo de Covas, manifestáronnos estes días nos que houbo mareas vivas –a principios de outubro-, a súa preocupación porque o mar chegaba as beirarrúas do propio paseo, a pesares de non haber temporal. Algúns deles mesmo nos dixeron que telefonaran ao Concelleiro de obras. Ante esta evidente preocupación dos veciños, é polo que lle ROGAMOS á Alcaldesa que se adopten as medidas necesarias en canto ao mantemento da praia de Covas –que é competencia municipal- para a protección destes veciños antes de que cheguen os temporais do inverno.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que coincidindo coa primeira marea viva unha soa veciña chamou ó concelleiro de obras, que procedeu a chamar ó xefe de Costas para que mandase un enxeñeiro. Engade que o grupo do P.P. ofrece unha información sesgada, igual que sucedeu co Teatro Pastor Díaz. Di que se coñece que é consecuencia dos espigóns realizados polo P.P., que se saltaron as recomendacións de Costas para evitar o que agora está sucedendo.

**B.-** D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación as seguintes preguntas, Nº DE REXISTRO 7.911:

1) Na rúa Alonso Pérez (camiño vello) no tramo fronte ao Xulgado hai pouco alumeado público, o que xunto á estreitez e o tráfico existente nesta rúa, motivan certos riscos para os viandantes e condutores, por eso lle preguntamos á Alcaldesa

- Ten constancia o Goberno Local deste feito?.
- En caso afirmativo, que medidas van a tomar para solventar esta falta de alumeado no mencionado tramo desta rúa?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concelleiro de Obras di que non houbo ningunha queixa e na Alcaldía tampouco se ten constancia de ningunha. Manifesta que o concelleiro D. Bernardo Fraga solicitou corrente para as farolas na fronte do edificio de Construcións Vilamiño e o Concello púxose en contacto coa empresa para iso.





2) Nos plenos do 20/06/2013 e do 06/03/2014, este grupo municipal realizou varias preguntas dirixidas á Alcaldía relativas a posta en funcionamento do alcantarillado e o pozo de bombeo para os servizos dos barrios de Hermosende, Pontigo e Parraguesa da parroquia de Galdo, dado que a obra civil levaba rematada máis de tres anos. A resposta da Alcaldía foi que Begasa esixía un reforzo da liña e que se estaba negociando coa empresa subministradora o enganche eléctrico. Por este motivo lle preguntamos, unha vez máis á Alcadesa:

- Cal é o último presuposto de Begasa para esta obra?.
- Para cando teñen previsto, dunha vez por todas, a posta en funcionamento deste alcantarillado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o custo que había que aboar primeiro era excesivo e un técnico municipal chegou á conclusión de que non era precisa tanta potencia, polo que se pediu un orzamento para esa potencia, que se presentou por uns 6.000 euros, polo que falta que a Interventora faga agora o RC e permita o pago.

3) A fonte oública do Barrio de Pénjamo leva varios anos sen manar auga por motivos que descoñecemos. Os veciños deste Barrio lamentan a falta de auga en dita fonte, por eso lle preguntamos á Alcaldesa:

- Fixo o goberno local algunha xestión para tratar de recuperar dita fonte?.
- En caso afirmativo, cales foron?.
- Ten elaborado algún tipo de presuposto ou acción encamiñada a resolver ete problema que permita aos veciños de Pénjamo disfrutar desta tradicional fonte?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cando a Fonte quedou sen auga saíron á prensa e entón xa o concelleiro de obras dixo que era por motivos alleos ó Concello, e explica que Augas de Galicia non autoriza volver á situación anterior, xa que a Fonte estaba dotada con auga do río.

4) No pleno do 20 de xuño do 2013, acordouse, por unanimidade, dar o nome dunha rúa ao ilustre poeta vivariense Don Carlos Oroza, trasladándolle o acordo ao interesado, así como que se estudaría nunha Comisión Informativa a que rúa se lle daría o seu nome. Por motivos que descoñecemos non se realizou, ata a data, a mencionada Comisión, a pesares de que xa transcurriu máis dun ano do acordo plenario. Por esta razón lle preguntamos á Alcaldesa:

- Cando teñen pensado convocar a Comisión Informativa para decidir a rúa que leve o nome de tan ilustre poeta vivariense?.
- Que xestións se fixeron co poeta D. Carlos Oroza para a súa homenaxe durante estes últimos meses?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a xestión foi feita pola Concelleira de Cultura a través da Editorial e farase en breve.

5) Varios veciños de Magazos fixeronnos chegar as súas queixas sobre o mal estado no que se atopan as beirarrúas a ambos lados da estrada xeral, desde a curva de Xunqueira ata o Barrio da Capilla



en Magazos, o que ten provocado varias caídas de viandantes. Mostra deste mal estado témola nunha chapa de ferro que leva varios anos nunha das beirarrúas tapando un oco. Por este motivo lle preguntamos á Alcaldesa:

- Teñen previsto adecentar estas beirarrúas?.
- En caso afirmativo, para cando contan facelo?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o equipo de goberno é consciente do deterioro, e precisase dunha gran inversión que haberá que realizar con axudas doutras Administracións. Provisionalmente faranse os tramos en peores condicións.

**C.- D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcaldesa da Coporación os seguintes ROGOS ao obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas, coa maior prontitude posible (Nº DE REXISTRO 7.912):**

1º) No pleno do 01/08/2013 acordouse, por unanimidade, adicar a parcela situada nas inmediacións da ponte da Misericordia, ó lado do INEM, para fins de utilidade pública e interese social, motivo polo que se solicitou a súa desafectación e cesión ó Concello. Transcurrido máis dun ano do mencionado acordo, dita parcela encóntrase nun estado de total abandono, presentando abundante maleza e incluso basura, ó que hai que engadir que unha parte do muro de peche está derruido. Así mesmo, a vivenda nº 34 da rúa Misericordia –ó lado da mencionada parcela- atópase en mal estado, con posible risco para os viandantes que transitan pola zona. Por estas razóns ROGAMOS ao equipo de Goberno:

- Que se corte a maleza e se limpe dita parcela, e que se cumpra o acordo do Pleno de darlle unha utilidade pública por parte do Concello, así como, que por parte dos técnicos municipais se proceda á revisión da mencionada vivenda, para valorar os posibles riscos anteriormente sinalados e evitar, na medida posible, accidentes innecesarios.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que dende o 2004 a finca xa se ven adecentando polo Concello. Este ano o persoal resultou insuficiente e non permitiu tela adecentada. Respecto á vivenda engade que se pretendeu adecentar dende o 2012 pero discrepancias entre Costas e Patrimonio non o permitiron.

2º) No Barrio de Sacido, algunhas pistas das Pallaregas e rúa da Parrela da parroquia de Covas, Castelo en Magazos, Xota e Granxa en Vieiro, obsérvanse varios accesos ás vivendas con fochancas, saltaduras e pedras soltas, polo que ROGAMOS á alcaldesa a súa reparación no menor tempo posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que coa extracción de madeira os viais quedaron en mal estado. Engade que a empresa Carferlo ten pendente votar riego asfáltico a conta das empresas, e polo Concello realizárase algún bacheo.

3º) Os camiños peatonais coñecidos como Camiño da Furadiña, que vai desde a rúa Rego das Frores ata a rúa Alfonso Fernández Rivas, así como o Carreiro da Vía desde a rúa Manuel Gómez Blanco ata a estrada das Nogueiras, os dous do Barrio de Pénjamo, presentan abundante maleza.



Como queira que a súa limpeza é competencia municipal, é polo que ROGAMOS ao Goberno Local adopte as medidas necesarias e proceda á limpeza dos mesmos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que por volume de traballo a brigada de obras se demorou nesta limpeza.

4º) Na rúa do Porto de Celeiro as árbores non se coidaron axeitadamente, motivo polo que algúns secaron e agora dan unha imaxe lamentable de abandono, o que habería que sumarlle o mal estado da farola do alumeadado público situada ao lado da parada de taxis desta rúa. Por este motivo ROGAMOS ao Goberno Local que se tomen as medidas necesarias para a recuperación das árbores e se proceda á reparación da farola mencionada, ao obxecto de que esta rúa presente un aspecto máis coidado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que votan a culpa ó abandono da seca das árbores cando se observa que algunhas están en perfectas condicións.

**D.-** D. Bernardo Fraga Galdo, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Viveiro, e conforme á lexislación vixente, presenta ao Pleno da Corporación Municipal, as seguintes PREGUNTAS, Nº DE REXISTRO 8.009:

1. Fai uns días licitábase un tramo de tubería para o abastecemento de auga na zona de Landrove, considerando que non é suficiente a citada obra. Cando ten previsto o Goberno Municipal por fin definitivamente aos continuos cortes de auga que teñen que sufrir as veciñas e veciños das parroquias de Chavín, Valcarría e San Pedro.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que coa actuación vai quedar case resolto o problema en Chavín, Valcarría e San Pedro, porque comprende as zonas de ruptura onde hai máis cortes de auga, polo que solventa a zona máis complicada.

2.- No Pleno do 31 de xaneiro do 2013, o BNG preguntáballo ao goberno municipal socialista pola glorieta provisional de Verxeles. Hoxe en día, contamos con dúas glorietas provisionais na zona. Pasaron dous anos e naquel momento respondeusenos, que xa estaba o proxecto listo e que a obra custaría uns 20.000 euros. Dende aquel día, nada se volveu a saber, é por isto que repetimos a pregunta:

En Verxeles na rúa de acceso a estación de Ferrocarril, fai tempo, colocouse unha glorieta provisional. Preguntados polas veciñas e veciños da zona, trasladamos as citadas preguntas á Alcaldía:

¿Durante canto tempo continuará a glorieta provisional instalada na zona?

¿Canto lle costa ao Concello de Viveiro, o aluguer dos elementos separadores existentes?

¿Cal será a distribución do tráfico definitiva na zona, mediante unha glorieta similar á existente, ou optarase por outro sistema de distribución do tráfico?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o obxectivo do Concello é a redistribución do tráfico, evitar o tráfico rodado pesado no Casco Histórico. Sinala que todas as actuacións teñen un sentido e que o esbozo das obras xa se lles trasladou ós técnicos da COTOP. Que os elementos separadores existentes non lle custan nada ó Concello.



3.- Veciñas e veciños de Covas, solicitaron en varias ocasións neste Concello a instalación das sinais indicativas de delimitación da Parroquia de Covas, sen que por agora se colocaran. ¿Ten previsto o goberno municipal a súa instalación, de ser así, cando se levará a cabo?.

Manifesta a sra. Alcaldesa para dicir que a terceira pregunta xa obtivo contestación nunha resposta anterior do Grupo do P.P.

Polo mesmo Concelleiro, formúlanse os seguintes ROGOS:

1. Varias veciñas e veciños da zona de Verxeles, manifestan a necesidade da instalación de bolardos nas novas beirarrúas existentes ata a Ponte de Verxeles, debido a que os vehículos estacionan en parte sobre a beirarrúa, o que impide o paso ou obriga a pasar pola estrada. Rogamos ao equipo de goberno, instale bolardos na citada zona.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa está dada orde ó capataz de obras, e que se realizará na semana seguinte.

2. O campo de fútbol de Celeiro, está nun estado de conservación lamentable, coa herba sen cortar, e sen ningún tipo de atención por parte do Goberno Municipal. Unha inversión tan cuantiosa, non pode quedar perderse pola falta de mantemento, e máis cando o campo dispón dun drenaxe de primeiro nivel, que pode perigar pola falta de atención. Rogamos ao equipo de goberno, que coide o Campo de Fútbol de Celeiro, e o poña ao servizo de deportistas do noso Concello, e non como ate o de agora para niño de gaiotas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se pediron os orzamentos para o arranxo e os rapaces non deixan de practicar deporte porque hai outras instalacións.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, o Sr. Fraga Galdo, para dicir que o campo se atopa moi abandonado, a herba medra e o drenaxe está afectado, dando unha imaxe lamentable, polo que se debería acondicionar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa hai un orzamento e se vai arranxar.

**E.-** O Concelleiro D. Guillermo Leal Arias, portavoz do grupo Municipal de Independentes de Viveiro (iVi), formula as seguintes preguntas ( N° DE REXISTRO 8.001):

1. No pleno do pasado mes de outubro, aprobábase, por unanimidade, unha moción para solicitarlle ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha entrevista urxente, con todos os portavoces dos partidos que compoñemos a Corporación Municipal de Viveiro, para tratar sobre a transferencia do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro á Xunta de Galicia, e por elo preguntamos ¿si se fixo a xestión e que resposta temos?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que antes de solicitar unha cita con todos os portavoces xa se solicitara unha cita da Alcaldesa e o director do conservatorio e aínda non hai data.



2.- No pleno do 26 de abril de 2012, preguntábase polas beirarrúas que estaban sen rematar en Lodeiro, e se a curto prazo estaba previsto realizalas. Por parte da alcaldía contestábase “que todas as fases de urbanización teñense que realizar cando se fai a edificación, se as quixese facer o Concello previamente tiñan que facer os propietarios a cesión”. Do ambulatorio tiñase que facer no seu tempo. Así terémolo que solicitar nós a outras administracións...”. Como sexa que xa pasou tempo, é polo que temos entendido xa non se vai realizar ningunha edificación máis na zona, é polo que solicitamos información por parte da alcaldía se se fixo algunha xestión para rematar ditas beirarrúas, e para cando está previsto o remate das mesmas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se están realizando algunhas xestións pero de momento non hai máis novidades.

3. Este grupo municipal do iVi, e tamén o BNG, en varias ocasións fixémonos eco da necesidade da actualización da páxina web do Concello. No pleno do pasado maio de 2013, aprobábase por 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.P., B.N.G. e iVi e 6 en contra do PSOE unha moción do BNG sobre a mellora da páxina web e a presenza do Concello nas redes sociais, ferramentas que entendemos imprescindibles para a información e trámites para os cidadáns e espallamento do noso Concello cara o exterior. Indicábase por parte do goberno municipal que xa se estaba sobre o tema, a través do programa innovate da Deputación. Como sexa que polo momento non se puxo en funcionamento dita nova web, é polo que preguntamos nos indiquen en que punto se encontra o proxecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non vai dar prazos, pero que antes de que remate o ano haberá unha páxina web nova, e que tratou este tema no día de onte na Deputación.

4.- O pasado ano púxose en funcionamento a rede wifi en varios puntos de todo o Concello, por elo ¿pódenos indicar o equipo de goberno como está a funcionar dita rede?, ¿que trámites ten que realizar un veciño para poder darse de alta en dito servizo?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que están dados de alta uns 260 veciños e que hai un número de teléfono co que se poñen en contacto e co seu DNI e correo electrónico os dan de alta automaticamente na wifi.

## ROGOS.

1. No pleno ordinario do 4 de setembro de 2014, presentábase por parte deste grupo municipal unha proposta sobre o Pazo de Grallal, aprobada, por unanimidade, en onde se solicitaba que por parte do Concello de Viveiro se fixeran todas as xestións necesarias co herdeiro, coa finalidade de poder adquirir o Pazo de Grallal. Como sexa que temos información de que está cerrada a venda do mesmo, rogamos nos indiquen as xestións realizadas por parte do equipo de goberno sobre este tema e o resultado das mesmas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que mantiveron unha reunión co dono e un sobriño respecto ó tema dos colectores soterrados e saiu ese tema, quedaron de poñerse en contacto co Concello e non houbo máis noticias.



Intervén D. Jesús Fernández Fernández, Concelleiro do iVi, para dicir que sería convinte volvelo a chamar, xa que tamén interesa o contido que había na casa, porque había importantes bibliotecas, que se atopaban inventariadas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa antes houbo contactos co anterior Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e non se chegou a ningún acordo.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández para dicir que solicitan que se volva a poñer en contacto co dono.

2.- A rúa do Calvario (a que sube o cemiterio de Celeiro), atópase nun estado deplorable en canto ó firme. En varias ocasións por parte deste grupo municipal solicitábase información sobre o arranxo de varias rúas en Celeiro; remate da Rúa Grande, a dita Rúa do Calvario ou Rego da Fonte, (dende o cruce coa Rúa Grande ata a Rúa Lavandeiras), así como tamén a Rúa Arribada. Como sexa que foi pasando o tempo e seguese sen actuar en ningunha delas, é polo que rogamos nos indiquen se a curto prazo está previsto realizar algunha actuación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concelleiro de Obras di que coñece a situación, que se fose na zona rural estaría xa arranxado mediante convenios con outras Administracións pero xa se lle comentou a Viqua para darlle solución. No resto de rúas é difícil pola súa configuración.

Intervén, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que cando unha empresa fai unha obra debería deixar o pavimento como estaba. En Celeiro tropézase, pedindo que polo menos se subsane un pouco na medida do posible.

Intervén a Sr.a Alcaldesa para dicir que se trata dunha zona complicada.

3. Por parte deste grupo municipal solicitábase unha reunión con Portos de Galicia e Costas, para tratar temas de interese para o noso Concello: porto deportivo, muelle de Viveiro, praia de Covas, rexeneración da ría, etc ... na que participarían todos os portavoces, sen que ata esta data se nos respondera de tal solicitude. Rogamos nos indiquen cando se fixo a xestión e a resposta da mesma.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa fixera no seu momento e que posteriormente foi soa a varias reunións pero non ten inconvinte en facer outra.

Intervén, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que iso é o que se pide porque a algúns nin os coñece e o que se quere é que expliquen as cousas.

4. Recentemente fíxose a reposición do firme de parte da estrada de Viveiro a Galdo, LU-P-6601, pintado soamente os laterais de ambos carrís, nese tramo arranxado, e sen pintar as liñas do medio da estrada. O pasado outono solicitábase que fora repintada toda a estrada, por elo voltamos a realizar dita solicitude. Rogando se fagan as xestións pertinentes para o pintado dende o inicio da mesma na Ameixoaa ata o seu remate.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se remitirá a petición á Deputación Provincial.



Intervén D. Jesús Fernández Fernández para dicir que a estrada cando estaba pintada estaba pola metade, agora só pintaron os bordes e pide que igualen as estradas e en todas pinten igual.

5. No mes de xuño, facíamos eco do total abandono e expolio da Capela de Malates que se atopaba nun estado deplorable no seu interior, cos cristais rotos e nun abandono total. Por parte da Alcaldía indicábase que farían as pertinentes xestións cos técnicos para que emitisen informe. Rogamos nos indiquen as xestións realizadas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se fixeron as xestións e que o asunto se atopa en Urbanismo non constando de momento actuacións.

Intervén, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que non se demore este asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22:20 horas do día 6 de novembro de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.